

52 arquivos municipais de Galicia

Algúns datos para a esperanza

ALFREDO ERIAS

No *Anuario Brigantino 1989* din conta duns resultados iniciais da organización de arquivos municipais que estaba a levar a cabo a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e na que o meu papel era o de coordinador para as provincias da Coruña e Lugo. Máis tarde o marco ampliouse a Ourense (en Pontevedra o coordinador é Don Miguel Pereira Figueroa) e agora, cando eu remato a miña labours e outros compañeiros toman o relevo, considero necesario facer público, siquera sexa mínimamente, os resultados acadados nesta etapa.

Nin que dicir ten que tódolos arquivos estaban en locais deficientes e, xeralmente, sen un responsable directo claro. Pero as labours de organización nestes anos, ademais de salvar e poñer en servizo os documentos, provocou que os concellos prestasen unha maior atención a este departamento e iso tivo implicacións moi concretas en canto a persoal e locais. As costumes tardan en cambiarse e moito queda por facer, pero esta iniciativa sostida da Consellería de Cultura é sen dúbida ningunha histórica, porque por primeira vez se contempla un fenómeno, tan complexo e de tanta transcendencia, na súa totalidade, aplicando solucións de medio e longo prazo.

Por de pronto, na Coruña, Lugo e Ourense podo dicir que se organizaron, en todo ou na maior parte, 52 arquivos doutros tantos concellos que en conxunto suman 700 parroquias con 378.231 habitantes segundo o padrón de 1991. O traballo supón máis de 5 km. de estantería (5.145 m.) con 51.196 unidades de instalación.

As datas máis antigas dos documentos organizados destes arquivos son: 1491 en **Mondoñedo**, 1495 en **Pontedeume** (se ben hai que dicir que no Concello existen enmarcados diversos privilexios desde o s. XIII), 1560 **Muros**, 1561 **Ribadeo**, 1673 **Rianxo**, 1679 **Lourenzá**, 1702 **Fonsagrada**, 1752 **Maceda**, 1755 **Noia** e 1770 **O Carballiño**. Despois queda un grupo amplo de concellos que só teñen documentación desde o s. XIX: son 42 e constitúen o 80,76%. Deles, 40 (un 95,23 %) só teñen documentación desde 1830, con casos penosos coma **Verín**, desde 1896, e, sobre todo, **Allariz** onde se queimou o Concello no 1937 e, polo tanto, só aparece documentación desde o ano seguinte.

Os inventarios atópanse na Consellería de Cultura e nos respectivos concellos.

TÁBOA DE RESULTADOS

ORGANIZACIÓN DE ARQUIVOS MUNICIPAIS DAS PROVINCIAS DA CORUÑA, LUGO E OURENSE, REALIZADA, DENDE 1989 ATA 1992, POLA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO HISTÓRICO E DOCUMENTAL (CONSELLERÍA DE CULTURA DA XUNTA DE GALICIA), COA COORDENACIÓN DO ARQUIVEIRO DE BETANZOS ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ.

Concellos	Nº parrq.	Hbts. 1981	Hbts. 1991	Anos límit.	Unid. inst.	M. est.
ALLARIZ	16	5.009	5.323	1938-1990	954	[89]
ARNOIA	2	1.274	1.096	1846-1991	336	85
ARZÚA	22	6.999	7.016	1841-1988	1.376	99
BARCO, O	12	9.179	10.495	1859-1988	1.336	[125]
BEADE	2	1.204	885	1891-1989	216	[20]

BOIRO	8	16.752	16.665	1841-1990	1.114	99
BOLA, A	8	2.147	1.772	1874-1989	649	59
CAMARIÑAS	4	6.818	7.410	1839-1989	1.215	[114]
CARBALLIÑO, O	16	10.942	11.134	1770-1989	1.034	[97]
CARNOTA	5	6.504	6.795	1836-1989	868	[81]
CEDEIRA	7	7.827	7.673	1824-1988	958	85
CEE	6	7.234	7.109	1851-1990	952	[90]
CELANOVA	19	7.518	5.983	1840-1989	1.527	[144]
CERVO	7	9.602	12.750	1842-1991	1.785	[168]
CURTIS	4	4.908	4.660	1881-1989	409	38
CHANTADA	35	9.854	10.184	1830-1989	2.037	[191]
FISTERRA	4	5.147	5.477	1844-1989	1.090	93
FONSAGRADA	29	9.246	6.986	1702-1989	1.229	[115]
LEIRO	9	2.483	2.240	1858-1991	509	70
LOURENZÁ	4	3.266	3.148	1679-1991	970	[91]
MACEDA	12	5.446	3.400	1752-1991	738	51
MANZANEDA	10	1.828	1.620	1879-1989	612	[95]
MELIDE	26	7.797	8.304	1837-1988	701	97
MONDOÑEDO	15	6.988	5.843	1491-1989	1.938	180
MONTEDERRAMO	12	1.755	1.523	1845-1990	489	[46]
MONTERREI	11	4.877	3.721	1849-1991	624	[59]
MONTERROSO	30	4.692	4.577	1841-1991	777	115
MUROS	8	11.060	11.255	1560-1988	1.136	105
NEDA	4	8.638	6.456	1836-1979	309	45
AS NOGAIS	8	2.283	1.956	1850-1989	625	[59]
NOIA	5	13.867	14.893	1755-1988	2.176	[204]
OIMBRA	7	2.109	2.095	1898-1991	371	58
ORDES	13	11.095	11.704	1841-1989	1.090	111
PALAS DE REI	43	6.323	5.016	1842-1991	689	[65]
PASTORIZA	19	4.952	4.492	1833-1990	671	65
POBRA DE BROLLÓN	22	3.338	3.272	1892-1990	708	[67]
PONTEDEUME	8	8.459	8.817	1495-1988	1.483	228
RIANXO	6	11.352	12.744	1673-1989	988	118
RIBADEO	12	9.068	8.894	1561-1990	1.606	149
RIVEIRA	9	23.081	25.285	1861-1986	1.381	127
ARÚA	3	5.712	5.051	1877-1990	798	[75]
SADA	8	7.998	8.935	1854-1990	1.171	[110]
SANTA COMBA	17	11.385	11.439	1872-1991	1.205	112
O SAVIÑAO	29	7.261	5.883	1841-1991	1.048	101
TEO	12	10.986	12.607	1848-1991	1.285	112
TOÉN	8	3.612	2.760	1841-1989	270	22
TRABADA	9	2.277	2.046	1824-1990	500	[47]
VERÍN	15	9.983	11.279	1896-1989	1.007	[95]
VIANA DO BOLO	35	6.320	4.672	1835-1989	703	66
VILALBA	29	16.485	16.110	1842-1990	1.662	171
XINZO DE LIMIA	20	10.177	9.170	1861-1991	1.174	168
ZAS	16	7.285	6.611	1841-1991	697	69
TOTAL	700	382.402	378.231	1491-1991	51.196	5.145